

Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2008

NOTA DE PRENSA

O 56,4% da poboación fala maioritariamente en galego

Uso habitual do galego

En 2008 o 30% dos galegos fala habitualmente sempre en galego. Esta porcentaxe baixou 13 puntos con respecto ao ano 2003. Esta baixada provocou unha suba de 8,2 puntos na porcentaxe dos que falan máis galego ca castelán, ata situarse no 26,4%. A porcentaxe dos que habitualmente falan máis castelán que galego subiu 3,8 puntos ata acadar o 22,5% e a dos que falan sempre en castelán subiu 5 décimas ata o 20,1%.

Por provincias, Lugo e Ourense son as que presentan unha maior porcentaxe de poboación que sempre fala en galego, cun 40,3% e un 41,9%, respectivamente.

Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Galicia e provincias

Porcentaxes

	En galego sempre		Máis galego ca castelán		Máis castelán ca galego		En castelán sempre		Outras situacións	
	2003	2008	2003	2008	2003	2008	2003	2008	2003	2008
Galicia	43,0	30,0	18,2	26,4	18,7	22,5	19,6	20,1	0,5	1,1
A Coruña	43,1	30,9	15,4	24,2	19,1	24,1	21,8	19,9	0,6	0,9
Lugo	58,3	40,3	17,7	33,0	15,4	14,7	8,5	11,0	0,1	1,0
Ourense	52,1	41,9	22,7	29,1	11,7	15,3	12,4	12,3	1,0	1,4
Pontevedra	33,4	20,7	20,2	25,7	22,2	25,9	23,8	26,4	0,3	1,3

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

"Outras situacións" inclúe: "Castelán / galego e outras linguas" e "Outras linguas / linguaxe de signos".

O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación. Deste xeito, o 52,9% dos galegos de 65 ou máis anos fala habitualmente só en galego e un 25,6% utiliza máis o galego ca o castelán. No entanto, entre os rapaces e rapazas de 5 a 14 anos, o 15,3% fala habitualmente sempre en galego, o 20,9% máis en galego ca castelán e o 63,9% restante utiliza sempre o castelán ou máis castelán ca galego.

Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Non se inclúe "Outras situacións" ("Castelán / galego e outras linguas" e "Outras linguas / linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra

No tocante á lingua habitual de escritura, produciuse un lixeiro incremento na porcentaxe de galegos que habitualmente escriben en galego, pasando do 14,5% en 2003 ao 15% en 2008.

Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

"Outro caso" inclúe "Outras situacións" e "Ambas linguas".

A lingua na que na actualidade falan arredor de 126.000 galegos non é a mesma na que falaron sempre. Preto de 47.000 galegos que habitualmente falaban só en castelán ou máis castelán ca galego pasaron a falar só en galego ou máis galego ca castelán. A decisión persoal é a razón de cambio máis habitual (51,5% dos casos) seguida dos motivos de traballo (28%).

Por outra banda, o número de galegos que habitualmente falaba en galego (ou maioritariamente en galego) e pasou a falar só castelán ou máis castelán ca galego foi de 67.856. As principais razóns son: por decisión persoal (33,8%) e por razóns de traballo (26,9%).

Persoas que cambiaron a lingua na que falaban habitualmente de galego a castelán ou de castelán a galego segundo as razóns do cambio. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Cara a falar só galego / máis galego que castelán	Cara a falar só castelán / máis castelán que galego	Total
Por decisión persoal	51,5	33,8	41,1
Por razóns de traballo	28,0	26,9	27,4
Por cambio de residencia	11,2	21,0	17,0
Por influxo das amizades	16,4	20,7	18,9
Por influxo do ensino	8,0	9,6	8,9

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.

Coñecemento do galego

En 2008 o 66% dos galegos de 5 ou máis anos de idade entende moito o galego falado fronte ao 5,2% que o entende pouco ou nada. Con respecto ao ano 2003 a porcentaxe de galegos que entende moito o galego falado caeu 15,1 puntos. Porén a porcentaxe que o entende bastante incrementouse 12,7 puntos e a porcentaxe que o entende pouco ou nada 2,4 puntos.

Por provincias, a maior porcentaxe de poboación que entende moito o galego dáse na Coruña cun 76,4%. No outro extremo atópase Pontevedra cun 54,7%. En comparación co ano 2003, nas provincias de Ourense e Pontevedra as porcentaxes de galegos que entende moito o galego baixaron 21,6 e 21,1 puntos, respectivamente. Non obstante, na Coruña esta caída foi de 7,6 puntos.

Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado. Galicia e provincias

Porcentaxes

	Moito		Bastante		Pouco ou nada	
	2003	2008	2003	2008	2003	2008
Galicia	81,1	66,0	16,1	28,8	2,8	5,2
A Coruña	84,0	76,4	13,0	19,4	3,0	4,1
Lugo	83,1	66,4	15,2	30,1	1,7	3,5
Ourense	83,7	62,1	14,4	34,2	1,9	3,7
Pontevedra	75,8	54,7	21,0	37,6	3,3	7,7

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

O 54,1% da poboación galega sabe falar moito en galego en 2008, o 35% bastante e o 10,9% restante pouco ou nada. A diminución, con respecto ao ano 2003, de 13,8 puntos na porcentaxe de persoas que sabe falar moito en galego traducíuse nun incremento de 13,4 puntos da porcentaxe que o sabe falar bastante.

Na provincia de Pontevedra o 14,2% dos seus habitantes sabe falar pouco ou nada en galego, mentres que en Lugo e Ourense esta porcentaxe se sitúa no 7,2% e o 7,6%, respectivamente.

Persoas que saben falar en galego. Galicia e provincias

Porcentaxes

	Moito		Bastante		Pouco ou nada	
	2003	2008	2003	2008	2003	2008
Galicia	67,9	54,1	21,6	35,0	10,4	10,9
A Coruña	69,3	63,9	19,6	25,9	11,1	10,2
Lugo	71,7	54,1	22,0	38,8	6,3	7,2
Ourense	75,8	55,1	17,4	37,3	6,8	7,6
Pontevedra	61,9	42,0	25,5	43,9	12,6	14,2


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

O 45% dos rapaces e rapazas galegas de entre 5 e 14 anos saben falar moito o galego, o 38,6% bastante e o 16,4% restante, pouco ou nada. As porcentaxes máis baixas de persoas que saben falar pouco ou nada en galego rexístranse nos grupos de máis idade; un 9,7% na poboación de entre 50 e 64 anos e un 7% para a de 65 ou máis anos.

Persoas que saben falar galego segundo a idade. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

A familia é o medio máis utilizado para aprender a falar en galego xa que o 83,2% dos galegos de 5 ou máis anos que o saben falar aprenderono por este medio. Esta porcentaxe varía en función da idade da poboación. Así, o 95,1% dos galegos de 65 ou máis anos aprenderon a falar o galego a través da familia, mentres que entre os rapaces e mozos de entre 5 e 29 anos esta porcentaxe baixa ata o 69,9%. Dentro deste colectivo a escola convértese no medio máis habitual para aprender a falar en galego.

Medios polos que aprenderon a falar en galego. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 a 64 anos	De 65 ou máis anos	Total
Familia	69,9	81,0	90,4	95,1	83,2
Escola	71,9	39,6	8,8	6,2	34,3
Amigos	11,6	15,2	15,6	14,9	14,3
Veciños	8,7	12,4	16,9	18,5	13,7
Traballo	3,5	10,9	8,4	4,0	6,9
Outros	0,9	2,5	3,2	1,5	2,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia ás persoas de 5 ou máis anos que saben falar galego.

"Outros" fai referencia a "Cursos", "De xeito autodidacta" e "Radio televisión galegas".

Uso do galego no ámbito familiar

O 49% dos galegos fállalle sempre en galego aos fillos, o 29% sempre en castelán, o 12% máis castelán ca galego e o 8,9% máis galego ca castelán.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito familiar. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre	Outras situacións
Nai	42,5	9,2	12,6	33,5	2,3
Pai	41,1	10,0	13,1	33,3	2,4
Avós	40,0	12,1	13,5	32,5	2,1
Fillos	49,0	8,9	12,0	29,0	1,2
Irmáns	50,6	7,7	9,9	29,9	1,9
Parella	50,5	7,5	10,4	30,3	1,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Non se inclúe a poboación que non pode falar un idioma.

"Outras situacións" inclúe: "Castelán / galego e outras linguas" e "Outras linguas / linguaxe de signos"

Uso do galego no ámbito social

No ámbito social, o 40,4% da poboación galega fala sempre en galego cos amigos, o 27,6% en castelán, o 16,2% utiliza máis castelán ca galego e o 15,8% máis galego ca castelán.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito social. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Amigos	40,4	15,8	16,2	27,6
Comerciantes	35,0	17,3	17,9	29,8
Médicos	33,6	15,7	17,1	33,6
Profesores dos seus fillos	28,6	15,9	17,9	37,6
Persoal da administración	34,7	17,1	17,0	31,2
Persoal da banca	35,3	15,0	16,4	33,3

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos no caso de "amigos"

e "comerciantes e a de 16 ou máis anos no resto.

Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego / castelán e outras linguas" e "Outras linguas / linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

Uso do galego no ámbito laboral

O 36,8% dos traballadores galegos falan sempre en galego cos compañeiros de traballo, o 31,5% co persoal ao seu cargo, o 31% cos superiores e o 28,3% cos clientes.

Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito laboral. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Compañeiros de traballo	36,8	15,6	19,0	28,5
Persoal ao seu cargo	31,5	16,2	19,6	32,7
Superiores	31,0	14,1	19,2	35,7
Clientes	28,3	20,0	24,1	27,7

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos que ten traballo na actualidade en Galicia. Non se inclúe "Outras situacións" ("Galego / castelán e outras linguas" e "Outras linguas / linguaxe de signos") por falta de tamaño de mostra.

Uso do galego no ámbito educativo

O 14,3% da poboación galega de 5 ou máis anos que realizaba ensino regrado en Galicia en 2008 recibía as clases todas en galego, o 46,6% maioritariamente en galego, o 32,8% maioritariamente en castelán e o 6,3% recíbenas todas en castelán.

Persoas segundo a lingua que utilizan no ámbito educativo. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Todas en galego	Maioritariamente en galego	Maioritariamente en castelán	Todas en castelán
Lingua na que reciben as clases	14,3	46,6	32,8	6,3
Lingua na que responden os exames	12,9	40,2	33,3	13,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que recibe ensino regrado na actualidade en Galicia. Non se inclúen as clases de idiomas (galego, castelán, inglés...). Non se inclúe "Noutras linguas" por falta de tamaño de mostra.

Persoas segundo a lingua que utilizan no ámbito educativo. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Lingua na que escriben na escola	11,5	41,7	35,4	11,4
Lingua na que falan cos compañeiros	17,4	19,3	28,1	35,3
Lingua na que falan cos profesores	15,1	28,7	33,8	22,5


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que recibe ensino regrado na actualidade en Galicia. Non se inclúen as clases de idiomas (galego, castelán, inglés...). Non se inclúe "Noutras linguas" por falta de tamaño de mostra.

O 71,9% dos alumnos galegos de entre 5 e 16 anos que en 2008 estudaron algún tipo de ensino regrado recibiron as clases todas ou maioritariamente en galego. Entre a poboación de 17 ou máis anos, esta porcentaxe baixa ata o 42,3%.

Persoas que estudan en Galicia segundo a lingua na que reciben as clases. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos que recibe ensino regrado na actualidade en Galicia

Non se inclúe "Noutras linguas" por falta de tamaño de mostra.


Non se inclúen as clases de idiomas (galego, castelán, inglés ...)

Fogares e idioma

No ano 2008, no 21,8% dos fogares galegos todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só en galego. En 2003 esta porcentaxe era do 32,8%.

Por áreas xeográficas, é o sur de Ourense xunto coa área da Costa da Morte as que presentan as maiores porcentaxes de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego, cun 59,2% e un 52,1%, respectivamente. No outro extremo atópanse a área de Vigo, cun 6%, a área da Coruña, cun 9,4%, e a área de Pontevedra cun 9,8.

Fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego. Ano 2008



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Grandes concellos

Nos sete grandes concellos galegos o uso do galego está por debaixo da media galega. Nos concellos de Vigo e Ferrol fala habitualmente sempre en galego o 7,1% da súa poboación de 5 ou máis anos. En Santiago de Compostela, esta porcentaxe acada o 21,2%.

En referencia ao coñecemento do idioma galego, no concello de Vigo existe un 12,9% da poboación que entende pouco ou nada de galego falado e un 6,9% que non o sabe falar nada.



Coñecemento e uso do galego. Grandes concellos. Ano 2008

Porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente							
En galego sempre	7,8	21,2	7,1	16,8	19,1	12,2	7,1
Máis galego ca castelán	19,2	31,0	11,4	30,6	28,1	19,4	17,7
Máis castelán ca galego	37,1	32,2	38,4	31,8	27,9	31,5	31,8
En castelán sempre	36,0	15,7	43,1	20,9	24,9	36,9	43,4
Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado							
Moito	69,7	82,1	54,2	68,0	55,4	58,6	44,2
Bastante	23,2	13,9	37,8	26,9	38,0	31,4	42,9
Pouco ou nada	7,1	4,0	7,9	5,1	6,6	10,0	12,9
Persoas que saben falar galego							
Moito	52,4	68,9	33,3	55,0	43,4	39,7	29,6
Bastante	29,7	23,6	44,6	32,5	41,7	42,9	45,4
Pouco	13,1	5,9	17,6	7,9	10,1	12,3	18,2
Nada	4,8	1,6	4,5	4,6	4,8	5,2	6,9
Fogares nos que todos os seus membros de cinco ou máis anos falan habitualmente só galego							
	5,3	10,6	3,9	10,5	13,6	6,7	4,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Non se inclúe a poboación que non pode entender e/ou escoitar un idioma falado.

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002003>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>